



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 7 DE DECEMBRO DE 2015.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día sete de decembro de dous mil quince; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado trinta de novembro de dous mil quince (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

EXPEDIENTE RIB/N/135.5/11 DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-

Visto o escrito de **Dona Raquel Vidal Fidalgo**, con domicilio na rúa Pouso nº 19, Francelos, onde solicita licenza de primeira ocupación para a vivenda unifamiliar sita na rua Pouso nº 33, Francelos.

Visto o informe favorable da Arquitecto Municipal de data 1 de decembro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder Licenza de PRIMEIRA OCUPACIÓN a Dona Raquel Vidal Fidalgo, para a vivenda unifamiliar sita na rua Pouso nº 33, Francelos.

Segundo.- Comunicar o presente acordo a interesada.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Alejandro Fernández Ruano**, con domicilio na rúa Progreso nº 22, 3ºC, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes,



acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 02-12-2015 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Do Defensor del pueblo, comunicando fin de actuacións do expediente núm. 1501167 incoado a nome de Don Pablo Enrique Martínez Vázquez.

- Da Policía Autonómica, denuncia de abandono de vehículo matrícula OR-7874-I, na estrada OU-0801, Ribadavia.

- Da Deputación Provincial de Ourense, Decreto de data 30.11.2015, prestando aprobación a xustificación da subvención concedida para a Mostra Internacional de Teatro 2015.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE PADRON COBRATORIO.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Padrón cobratorio da Taxa de Alcantarillado 2014, por importe de 69.077,87 euros.” Asi mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio o comprendido entre o 11 de decembro de 2015 e o 17 de febreiro de 2016”.

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de outubro 2015, por importe de 1.184,20 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº11/15.-



“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº11/15, por importe de 28.258,52 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

ADXUDICACION DE CONTRATO MENOR.-

Vista que mediante providencia da Alcaldía de data 1 de decembro de 2015, foi acreditada a necesidade deste Concello de contratar o servizo de colaboración e asistencia administrativa e mantemento do aparcamento da Alameda do Concello.

Visto que con data 7 de decembro de 2015 foi emitido informe por Intervención no que se acredita a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato; e emitíuse informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar.

Visto que con data 7 de decembro de 2015 foi emitido Informe-Proposta de Secretaria e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobada polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro e Resolución da Alcaldía de data 15.06.2015, por unanimidade dos presentes, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Levar a cabo o servizo de colaboración e asistencia administrativa e mantemento do aparcamento da Alameda do Concello mediante o procedemento de contrato menor, co contratista Dona Elvira Meiriño Rodríguez, por un importe de dezasete mil setecentos sete euros, con vintenove centimos, I.V.E incluído (17.707,29). A duración do contrato será de tres meses. O prezo do contrato serán aboados polo Concello ao contratante en pagos mensuais a razón de cinco mil novecentos dous euros, con corenta e tres céntimos, I.V.E. incluído (5.902,43).

SEGUNDO.- Chegado o momento, incorpórese a factura correspondente e tramítese o pago se procede.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ó adxudicatario no prazo de dez días a partir da data de adopción do presente acordo, o cál deberá presentar certificados orixinais de estar o corrente coa Seguridade Social, Facenda Estatal, Autómica e Local."

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia